
REVISTA MENSUAL

HORTOCOLIÑA

FEBREIRO 2019

FELIZ DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO!

O 24 de febreiro celébrase o día de Rosalía de Castro, dende o CEIP de Sigüeiro celebramos o día da escritora galega máis universal, recitando algúns dos seus poemas.



Rodrigo Soto

O AERÓDROMO

O día 14 e 15 de febreiro os nenos e nenas de 6º e 5º fomos ao aeródromo a Santiago, recibíronos Claudio suboficial e Raúl Fernández cabo mayor.

Puidemos entrar nas avionetas e simular que conduciamos, logo viñeron os bombeiros do aeroporto ensináronos o camión por dentro, os artiluxios que tiñan, os traxes, o equipo de respiración e... O CAÑÓN DE AUGA! Molláronos enteiros!!!

Despois tivemos unha charla e uns vídeos sobre como entrar no exército e algunhas misións que realizaron.

Foi moi emocionanteeee!!!

Marta Villaverde e María Feijoo

SAÍDA AO TEATRO

Os alumnos de 6º de primaria, tiveron unha saída

Ao teatro principal o día 5 de febreiro. Foi unha obra cómica, e pasámolo moi ben.

Trataba sobre a amizade e como tratar a xente nova, e como valorar os talentos dos demais.

Ana Villaverde e Xiana Rodríguez



MADRIÑAS E PADRIÑOS LECTORES

O 7 de febreiro os nenos e nenas de 2ºB xuntámonos cos compañeiros de 4ºB para disfrutar dunha sesión de lectora con eles.

Os días anteriores tivemos que escribir unha adiviña e debuxar a resposta. Así conseguimos preparar un dominó de adiviñas.

Foi moi divertido escoitar as adiviñas dos nosos compañeiros. Algunhas eran moi doadas pero outras facían cavilar un pouco...

Pasámolo moi ben!!

Os nenos e nenas de 2ºB



MES DE SAÍDAS

Neste mes de Febreiro os alumnos de infantil realizamos tres saídas:

A primeira ao teatro a Santiago, onde descubrimos, grazas ao trompetista Roger, un mundo fantástico cheo de burbullas de todo tipo.

Na segunda nos desplazamos ata A Coruña para visitar a " Gastón", o tiburón da casa dos peixes ao que acompañamos nun tranquilo paseo.

E para rematar acudimos coa profe Begoña ao conservatorio histórico, no que disfrutamos escoitando e cantando nunha viaxe que nos levou por diferentes países.

Alumnos de 4anos A



QUE É PARA TI ROSALIA DE CASTRO ?

“Unha escritora de fama mundial,a muller que mellor resistiu no pobo galego. “

Juan 5 A

“Unha muller valiente.”

María Jose 6 A

“Unha muller para o seu tempo adiantado”

Maria 4 B

“Unha boa escritora de poemas , boa persoa, unha imaxinadora e moi boa traballadora”

Susa 4 A

“Unha escritora moi boa que escribiu en galego unha das primeiras mulleres que loitou polos seus dereitos”

María 2 B

“ A primeira muller que fixo algo polas Letras Galegas e pola cultura”

Fina 2 A

“Unha referente para as mulleres galegas”

Cristina “Apoio”

40 ANOS DA TRANSICIÓN DEMOCRÁTICA

Os alumnos de 6º e 5º de primaria do CEIP Plurilingüe de Sigüeiro e do Camiño Inglés fomos convidados polo Concello a unha exposición dos 40 anos de Transición Democrática do autor “ Siro”. O alcalde Manuel Mirás e o concelleiro Antonio Leira explicáronnos moitos datos interesantes sobre esta exposición de 117 caricaturas.

Foi moi interesante.

COÑECER O ACOSO PARA PREVER

Onte o sarxento Luís López Dapena viu ao noso colexio o C.E.I.P Plurilingüe de Sigüeiro a darnos unha charla a os alumnos de 5º e 6º de primaria. Falounos sobre o acoso escolar, que había varios tipos (físico, verbal e psicolóxico/social); e as persoas que interviñan (o acosador,os cómplices,a vítima e os testigos).

Dende o seu punto de vista o tipo de acoso que máis dano facía ou máis afectaba a vítima era o psicolóxico/social, xa que do físico e máis fácil recuperarse.

Tamén nos dixo que tanto os testigos como a vítima tiñan que avisar do ocorrido, xa que se non isto podería chegar a máis como suicidios.

A maiores tamén nos ensinou vídeos e casos de nen@s que sufriron acoso escolar.

Falounos tamén sobre algúns consellos para previr o acoso escolar